

BOLETÍN DE NOVAS RANKINGS 2024.

NOVAS SOBRE RANKINGS 2024.

A Universidade de Vigo tivo durante o ano 2024 o recoñecemento internacional dalgúns dos rankings universitarios máis relevantes, pero tamén unha presenza moi destacable nas clasificacións que realizan diversas entidades dentro de España.

NOVAS SOBRE OS PRINCIPAIS RANKINGS 2024 .

A Universidade de Vigo tivo durante o ano 2024 o recoñecemento internacional dalgúns dos rankings universitarios máis relevantes, pero tamén unha presenza moi destacable nas clasificacións que realizan diversas entidades dentro de España.

O informe de rankings do 2024, que se pode consultar no [Portal de Transparencia](#) da Uvigo, recolle a posición da nosa universidade en diversas clasificacións que valoran, dende a capacidade investigadora, a docencia, a citación, a produción científica e artigos académicos, á transferencia de coñecemento ou as patentes rexistradas.

As seguintes páxinas intentan recoller diversas novas de prensa relacionadas con ditas clasificacións. Un modo de ver o impacto que as mesmas teñen no entorno da nosa universidade

“As novas de prensa reflicten o impacto que ten a nosa Universidade no seu entorno”





A UNIVERSIDADE DE VIGO, ENTRE AS MELLORES DO MUNDO EN CINCO MATERIAS

Destaca no eido da Enxeñaría do petróleo, no rango 101-150, e no de Agricultura, no 201-250. ([DUVI](#)) ([+Info](#)).



A UVIGO, NO POSTO 16 DAS MELLORES UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS DE MENOS DE 50 ANOS

A nivel mundial está no rango entre 201-250 das institución de recente creación. ([DUVI](#)) ([+Info](#)).



A UVIGO DESTACA ENTRE AS 40 MELLORES UNIVERSIDADES DO MUNDO NO FOMENTO DO ODS DE ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE

Acada o posto 53 no ODS referido á igualdade de xénero e o 62 no que atinxe a educación de calidade. ([DUVI](#)) ([+Info](#)).



O RÁNKING CWUR VOLVE SITUAR A UVIGO NO TOP 4% DAS UNIVERSIDADES DO MUNDO

Destacan os resultados obtidos no eido da investigación, eido no que se sitúa no posto 773. ([DUVI](#)) ([+Info](#)).



O RÁNKING QS 2025 RECONFIRMA A UVIGO NA FRANXA 901-950 DAS MELLORES UNIVERSIDADES DO MUNDO

A institución académica viguesa acada o posto 25 en España. ([DUVI](#)) ([+Info](#)).



A UVIGO, NO POSTO 322 DO RÁNKING QS DE UNIVERSIDADES EUROPEAS

Os aspectos mellor valorados son a sostibilidade e as redes de investigación internacionais. ([DUVI](#)) ([+Info](#)).

Atlántico

A UVIGO BAIXA 300 POSTOS NO RÁNKING SHANGHAI:ENTRE AS 900 MELLORES DO MUNDO

Na edición do 2024 a UVigo mellora en 3 dos 6 indicadores. ([Atlántico Diario](#)) ([+info](#))



A UVIGO MANTENSE NA FRANXA 801-1000 DAS MELLORES UNIVERSIDADES DO MUNDO SEGUNDO O RÁNKING TIMES HIGHER EDUCATION 2025

O aspecto no que a institución segue obtendo a mellor valoración é a calidade da investigación. ([DUVI](#)) ([+Info](#)).



DAVID POSADA LIDERA A LISTA DOS 43 INVESTIGADORES DA UVIGO MÁIS CITADOS DO MUNDO SEGUNDO O RÁNKING DE STANFORD

O catedrático ocupa o posto 11 dentro da súa área de coñecemento e o 727 na listaxe global. ([DUVI](#)) ([+Info](#)).



A UVIGO DESTACA COMO A OITAVA UNIVERSIDADE MÁIS SOSTIBLE DO ESTADO

Segundo o QS World University Rankings: Sustainability 2025 ocupa o posto 281 do mundo, mellorando os resultados da edición pasada, cando estaba no 370. ([DUVI](#)) ([+Info](#)).

UNIDADE DE ANÁLISIS E PROGRAMAS

Edificio Filomena dato.

Planta baixa.

As Lagoas Marcosende s/n Vigo

Tel. 986 818640

Web: <https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/unidade-analises-programas>

Universidade de Vigo